

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

6607 *Real decreto 284/2019, do 22 de abril, polo que se establecen as disposicións de aplicación da regulamentación da Unión Europea no sector do lúpulo e se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas estatais de minimis destinadas ao dito sector.*

O cultivo do lúpulo en España, tras unha época na que experimentou un forte retroceso, estabilizouse nos últimos anos arredor das 550 hectáreas (ha) para o conxunto do territorio nacional. A pesar diso, algunha das circunstancias que favoreceron a diminución da superficie aínda se mantén e, por tanto, o cultivo encóntrase en risco.

Ademais, o mercado do lúpulo está estreitamente vinculado á produción de cervexa, pois é unha materia prima esencial na súa elaboración. Actualmente arredor do 97 % do lúpulo cultivado destínase á industria cervexeira, pero, a pesar diso, non se chega a cubrir a demanda nacional e a dita demanda cóbrease mediante importacións procedentes de Alemaña na súa maioría.

Por tanto, para asegurar o futuro do sector do lúpulo e evitar a tendencia ao abandono deste cultivo, é necesario levar a cabo un axuste estrutural do sistema produtivo actual que garanta a súa permanencia no tempo e a súa rendibilidade e viabilidade a longo prazo.

O presente real decreto establece, por unha parte, disposicións para a ordenación do sector do lúpulo no referente á súa certificación, conforme o Regulamento (CE) 1850/2006 da Comisión, e ao recoñecemento das organizacións de produtores de lúpulo e as súas asociacións, conforme o Regulamento (CE) n.º 1299/2007 da Comisión; e o Regulamento (CE) n.º 1308/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, co que se outorga desta forma maior transparencia ao sector. Así mesmo, establécense disposicións en materia de comunicacións á Comisión no sector do lúpulo conforme o Regulamento de execución (UE) 2017/1185 da Comisión, do 20 de abril de 2017, polo que se establecen as normas de desenvolvemento dos regulamentos (UE) n.º 1307/2013 e (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta á notificación de información e documentos á Comisión e polo que se modifican e derrogan diversos regulamentos da Comisión.

Por outra parte, e dado o contexto actual do sector, o presente real decreto establece un réxime de axudas ao cultivo, de conformidade co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, en que se tiveron en conta as prioridades establecidas pola Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sustentable do medio rural, e a Lei 35/2011, do 4 de outubro, sobre titularidade compartida das explotacións agrarias.

Esta axuda concédese ao abeiro das axudas de *minimis* no sector agrario, de acordo co Regulamento (UE) n.º 1408/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de *minimis* no sector agrícola.

A regulación que se contén neste proxecto axústase aos principios recollidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así, de acordo cos principios de necesidade e eficacia, xustifícase esta norma na necesidade de establecer unha ordenación adecuada do sector do lúpulo. Cúmprese o principio de proporcionalidade e a regulación límtase ao mínimo imprescindible para aplicar a normativa da Unión Europea, sen establecer autorizacións alén do previsto nesta. Finalmente, en aplicación do principio de eficiencia, límtanse as cargas administrativas ás imprescindibles para a consecución dos fins descritos, sempre dentro do marco da Unión Europea. Igualmente, na configuración normativa das axudas, as cargas límtanse ao mínimo imprescindible para a súa adecuada xestión. En función do principio de seguridade xurídica, derrógase o Real decreto 714/2010, do 28 de maio.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados, as cales mostraron a súa conformidade coa súa oportunidade e contido.

Así mesmo, emitiron os seus preceptivos informes a Avogacía do Estado e a Intervención Delegada perante o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 17 de abril de 2019,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

1. O presente real decreto ten por obxecto establecer a normativa básica aplicable no sector do lúpulo no que respecta:

a) Á certificación do lúpulo e dos produtos do lúpulo, conforme o Regulamento (CE) n.º 1850/2006 da Comisión, do 14 de decembro de 2006, polo que se establecen disposicións de aplicación para a certificación do lúpulo e dos produtos do lúpulo.

b) Ao recoñecemento de organizacións de produtores e das súas asociacións no sector do lúpulo, conforme o Regulamento (CE) n.º 1299/2007 da Comisión, do 6 de novembro de 2007, relativo ao recoñecemento das agrupacións de produtores no sector do lúpulo.

c) Á notificación de información conforme o Regulamento de execución (UE) 2017/1185 da Comisión, do 20 de abril de 2017, polo que se establecen as normas de desenvolvemento dos regulamentos (UE) n.º 1307/2013 e (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta á notificación de información e documentos á Comisión e polo que se modifican e derrogan diversos regulamentos da Comisión.

2. Así mesmo, este real decreto ten por obxecto establecer as bases reguladoras para a concesión de subvencións estatais en réxime de concorrencia competitiva para o establecemento de novas plantacións de lúpulo e a reconversión e mellora das plantacións existentes, e a adquisición de maquinaria específica para a mecanización do cultivo, durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2019 e o 31 de decembro de 2021.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto serán de aplicación as definicións establecidas no Regulamento (CE) n.º 1850/2006 da Comisión, do 14 de decembro de 2006, e as seguintes:

a) «Autoridade competente»: o órgano competente da comunidade autónoma en que radique a explotación ou a maior parte da superficie desta.

b) «Superficie plantada»: a parcela delimitada pola liña de arames exteriores de ancoraxe dos titores, tendo en conta que, cando se cultiven plantas de lúpulo nesa liña, se engadirá a cada lado da parcela un corredor de servizo suplementario cuxa largura corresponderá á largura media dos corredores de servizo situados dentro da parcela cultivada, sen que o dito corredor poida pertencer a unha vía pública. Así mesmo, consideraranse como superficie cultivada as dúas testeiras situadas nos extremos das liñas de cultivo, necesarias para a manobra da maquinaria agrícola, sempre que a largura de cada unha delas non sexa superior a 8 metros e que non pertenzan a unha vía pública.

c) «Máquina»: conxunto de aparellos combinados para recibir certa forma de enerxía, transformala e restituíla noutra máis adecuada ou para producir un efecto determinado.

d) «Instrumento»: obxecto fabricado, relativamente sinxelo, co que se pode realizar unha actividade.

e) «Instalación»: colocación por persoal capacitado, de máquinas ou instrumentos ou equipamentos, obxecto da axuda para que funcionen e cumpran os obxectivos para os que foron deseñados.

CAPÍTULO II

Ordenación do sector do lúpulo

Sección 1.^a Sistema de certificación do lúpulo e produtos do lúpulo

Artigo 3. *Ámbito de aplicación.*

1. O sistema de certificación aplicarase:

a) Aos produtos de lúpulo recollidos no artigo 1 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

b) Aos produtos elaborados a partir dos produtos recollidos no punto anterior que foron colleitados na Comunidade ou importados de terceiros países de acordo co artigo 190 do regulamento mencionado.

2. O sistema de certificación, sen prexuízo da aplicación do artigo 1.4 do Regulamento (CE) n.º 1850/2006 da Comisión, do 14 de decembro de 2006, non se aplicará:

a) ao lúpulo colleitado en terras pertencentes a unha fábrica de cervexa e utilizado por esta en estado natural ou transformado;

b) aos produtos derivados do lúpulo transformados mediante contrato por conta dunha fábrica de cervexa, sempre que sexan utilizados pola propia fábrica;

c) ao lúpulo e aos produtos derivados do lúpulo envasados en pequenos paquetes e destinados á venda aos particulares para o seu uso privado;

d) aos produtos manufacturados a partir de produtos do lúpulo isomerizados.

Subsección 1.^a Sistema de certificación do lúpulo en flor

Artigo 4. *Documentación para certificación.*

Todo lote de lúpulo que se presente para a certificación deberá ir acompañado dunha declaración escrita e asinada pola persoa produtora, que acompañará o lote do lúpulo ao longo de todas as operacións de transformación ou/e mestura e ata a expedición do certificado, e na que figuren os seguintes datos:

a) O nome e domicilio da persoa produtora.

b) O ano da colleita.

c) A variedade.

d) O lugar de produción.

e) A referencia da parcela no sistema integrado de xestión e control (SIXPAC) previsto no artigo 67 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o financiamento, xestión e seguimento da política agrícola común, polo que se derrogan os regulamentos (CE) n.º 352/78, (CE) n.º 165/94, (CE) n.º 2799/98, (CE) n.º 814/2000, (CE) n.º 1290/2005 e (CE) n.º 485/2008 do Consello, ou a referencia catastral ou unha referencia oficial equivalente.

f) O número de embalaxes que compoñen o lote.

Artigo 5. *Requisitos de comercialización.*

Para a obtención da certificación é de aplicación o artigo 77 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello e os requisitos mínimos establecidos no anexo I do Regulamento (CE) n.º 1850/2006 da Comisión, do 14 de decembro de 2006.

A persoa representante da autoridade de certificación competente das comunidades autónomas controlará o cumprimento dos requisitos mínimos de comercialización relativos ao grao de humidade do lúpulo mediante a aplicación dun dos métodos establecidos no anexo II, parte B do Regulamento (CE) n.º 1850/2006 da Comisión, do 14 de decembro de 2006.

O método descrito no anexo II, parte B, punto 2 do citado regulamento será aprobado pola autoridade de certificación competente e deberá proporcionar unha desviación típica máxima de 2.0. En caso de controversia, o control efectuarase segundo o método descrito no anexo II, parte B, punto 1.

O control do resto dos requisitos mínimos de comercialización efectuarase segundo as prácticas comerciais habituais e, en caso de controversia, empregarase o método descrito no anexo II, parte C.

Artigo 6. *Mostraxe.*

As mostras tomaranse e trataranse segundo o método descrito no anexo II, parte A, do Regulamento (CE) n.º 1850/2006 da Comisión, do 14 de decembro de 2006.

De cada lote tomaranse mostras, como mínimo, dunha embalaxe de cada dez e, en calquera caso, de cando menos dúas embalaxes de cada lote.

Artigo 7. *Procedemento.*

O procedemento de certificación incluírá a expedición dos certificados e a marcación e precintaxe das embalaxes.

1. A certificación efectuarase antes de que o produto se poña á venda e, en calquera caso, antes da súa transformación.

2. A certificación terá lugar como moi tarde o 31 de marzo do ano seguinte ao da colleita.

3. A marcación efectuarase de acordo co disposto no anexo III Regulamento (CE) n.º 1850/2006 da Comisión, do 14 de decembro de 2006, baixo control oficial e tras a precintaxe da unidade de embalaxe na que o produto será comercializado.

4. O procedemento de certificación terá lugar na explotación agrícola ou nos centros de certificación.

5. Se tras a certificación se cambia a embalaxe do lúpulo, con ou sen outra transformación, o lúpulo someterase a un novo procedemento de certificación.

Artigo 8. *Mestura e revenda.*

1. O lúpulo certificado unicamente poderá mesturarse baixo control oficial nos centros de certificación.

2. Para poder mesturarse, os lúpulos deberán proceder da mesma área de produción, da mesma colleita e da mesma variedade.

3. Non obstante, para a fabricación de po e extractos de lúpulo poderán mesturarse lúpulos certificados de orixe comunitaria e da mesma colleita, pero de variedades e áreas de produción diferentes, sempre que o certificado que acompañe o produto obtido mencione:

- a) As variedades utilizadas, as áreas de produción e o ano da colleita;
- b) A porcentaxe en peso de cada variedade utilizada na mestura; se os produtos do lúpulo foron utilizados en combinación con conos de lúpulo para a fabricación de produtos do lúpulo, ou se se utilizaron diferentes produtos do lúpulo, a porcentaxe en peso de cada

variedade baseada na cantidade de conos de lúpulo que se utilizaron para a preparación dos insumos;

c) Os números de referencia dos certificados expedidos para os lúpulos e produtos do lúpulo empregados.

4. Para o procedemento de revenda será de aplicación o establecido no artigo 8 do Regulamento (CE) n.º 1850/2006 da Comisión, do 14 de decembro de 2006.

Artigo 9. *Certificado e marcación.*

1. O certificado expedirase na fase de comercialización á que se apliquen as exigencias mínimas de comercialización.

2. No caso dos conos de lúpulo, o certificado incluírá, cando menos, as seguintes indicacións:

- a) a denominación do produto;
- b) o número de referencia do certificado, composto polos códigos que se designen de conformidade co anexo VI do Regulamento (CE) n.º 1850/2006 da Comisión, do 14 de decembro de 2006, o centro de certificación, o Estado membro, se é o caso España, o ano de colleita e o lote correspondente. O número de referencia será o mesmo para todas as embalaxes dun mesmo lote;
- c) o peso neto e/ou bruto;
- d) o lugar de produción do lúpulo, tal como se recolle no artigo 77, punto 3, letra a), do Regulamento (UE) n.º 1308/2013;
- e) o ano de colleita;
- f) a variedade;
- g) a mención «lúpulo con sementes» ou «lúpulo sen sementes», segundo proceda;
- h) cando menos, unha das indicacións enumeradas no anexo V do Regulamento (CE) n.º 1850/2006 da Comisión, do 14 de decembro de 2006, aplicada pola autoridade de certificación competente.

3. Cada embalaxe levará, cando menos, as indicacións seguintes nunha das linguas da comunidade, escritas de forma lexible e en caracteres indelebles de tamaño uniforme:

- a) a descrición do produto, incluídas as mencións «lúpulo con sementes» ou «lúpulo sen sementes», segundo proceda, e «lúpulo preparado» ou «lúpulo non preparado», segundo os casos;
- b) a variedade ou variedades;
- c) o número de referencia do certificado.

Artigo 10. *Lúpulo procedente de especies experimentais.*

Respecto ao lúpulo procedente de especies experimentais, será de aplicación o artigo 18 do Regulamento (CE) n.º 1850/2006 da Comisión, do 14 de decembro de 2006.

Artigo 11. *Proba de certificación.*

As indicacións que aparecen en cada embalaxe e o certificado que acompaña o produto constituirán a proba de certificación.

Subsección 2.^a Sistema de certificación de produtos de lúpulo

Artigo 12. *Procedemento.*

1. O procedemento de certificación incluírá a expedición dos certificados e a marcación e precintaxe das embalaxes.
2. A certificación efectuarase antes de que o produto se poña á venda.

3. A marcación efectuarase de acordo co disposto no anexo III do Regulamento (CE) n.º 1850/2006 da Comisión, do 14 de decembro de 2006, baixo control oficial e tras a precintaxe da unidade de embalaxe na que o produto será comercializado.

4. O procedemento de certificación terá lugar nos centros de certificación.

5. Se, tras a certificación, se cambia a embalaxe dos produtos do lúpulo, con ou sen outra transformación, o produto someterase a un novo procedemento de certificación.

Artigo 13. *Preparación en circuíto cerrado de operación.*

Para preparación en circuíto cerrado de operación será de aplicación o artigo 10 do Regulamento (CE) n.º 1850/2006 da Comisión, do 14 de decembro de 2006.

Artigo 14. *Control oficial durante a produción de produtos de lúpulo.*

1. No caso da produción de produtos do lúpulo, as persoas representantes da autoridade de certificación competente estarán presentes en todo momento no transcurso da transformación. Supervisarán suficientemente cada fase da transformación, desde a apertura das embalaxes precintadas que conteñan o lúpulo ou os produtos do lúpulo destinados á transformación ata que finalice a embalaxe, precintaxe e marcación do produto do lúpulo. Poderá admitirse a ausencia das persoas representantes da autoridade de certificación competente sempre e cando se garanta por medidas técnicas, autorizadas pola autoridade de certificación competente, que se cumpren as disposicións do citado regulamento.

2. Antes de pasar a un lote distinto no sistema de transformación, as persoas representantes da autoridade de certificación competente aseguraranse mediante un control oficial de que o sistema de transformación se encontre baleiro, cando menos na medida necesaria para garantir que non se poidan mesturar os produtos de dous lotes diferentes.

Se quedar lúpulo, produtos do lúpulo, bagazo de lúpulo ou calquera outro produto derivado do lúpulo en partes do sistema de transformación, como contedores de mestura ou de envasamento, mentres se estea transformando lúpulo doutro lote, as ditas partes deberán desconectarse do sistema de transformación polos medios técnicos adecuados e baixo control oficial. Unicamente poderán conectarse de novo ao sistema de transformación baixo control oficial.

Non se permitirá ningún contacto físico entre a cadea de transformación de lúpulo en po concentrado e a de transformación en po non concentrado, mentres estean en funcionamento.

Artigo 15. *Información e mantemento dos rexistros.*

1. As persoas responsables das instalacións de transformación de lúpulo facilitarán ás persoas representantes da autoridade de certificación competente toda a información relativa ás características técnicas das ditas instalacións.

2. As persoas responsables das instalacións de transformación de lúpulo levarán un rexistro exacto do volume de lúpulo transformado. Para cada lote de lúpulo que deba ser transformado levaranse rexistros que indiquen con exactitude os pesos do produto entrante e os do produto transformado.

No que afecta o produto entrante, o rexistro tamén incluírá o número de referencia do certificado de cada partida e da variedade de lúpulo correspondente. En caso de que se empregue máis dunha variedade no mesmo lote, o rexistro deberá indicar a respectiva proporción en peso.

En canto ao produto transformado, tamén figurará no rexistro a súa variedade ou, se o produto transformado for unha mestura, a súa composición por variedades.

Todos os pesos redondearanse ao quilo máis próximo.

3. Os rexistros do volume de produción estableceranse baixo control oficial e serán asinados polas persoas representantes da autoridade de certificación competente tan pronto como finalice a transformación de cada lote.

A persoa responsable da planta de transformación conservará os ditos rexistros durante tres anos como mínimo.

Artigo 16. *Cambio de embalaxe, venda e revenda.*

Respecto do cambio de embalaxe, mestura e revenda de produtos de lúpulo, serán de aplicación os artigos 13, 14 e 15 do Regulamento (CE) n.º 1850/2006 da Comisión, do 14 de decembro de 2006.

Artigo 17. *Certificado e marcación.*

1. O certificado expedirase na fase de comercialización a que se apliquen as exigencias mínimas de comercialización.

2. No caso dos produtos de lúpulo, o certificado incluírá as seguintes indicacións:

a) a denominación do produto;
b) o número de referencia do certificado, composto polos códigos que se designen de conformidade co anexo VI do Regulamento (CE) n.º 1850/2006 da Comisión, do 14 de decembro de 2006, o centro de certificación, o Estado membro, se é o caso, España, o ano de colleita e o lote correspondente. O número de referencia será o mesmo para todas as embalaxes dun mesmo lote;

c) o peso neto e/ou bruto;
d) o lugar de produción do lúpulo, tal como se recolle no artigo 77, punto 3, letra a), do Regulamento (UE) n.º 1308/2013;

e) o ano de colleita;
f) a variedade;
g) o lugar e a data de transformación;
h) cando menos, unha das indicacións enumeradas no anexo V do Regulamento (CE) n.º 1850/2006 da Comisión, do 14 de decembro de 2006, aplicada pola autoridade de certificación competente.

3. Cada embalaxe levará, cando menos, as indicacións seguintes nunha das linguas da Comunidade, escrita de forma lexible e en caracteres indelebles de tamaño uniforme:

- a) a descrición do produto;
- b) a variedade ou variedades;
- c) o número de referencia do certificado.

Artigo 18. *Proba de certificación.*

As indicacións que aparecen en cada embalaxe e o certificado que acompaña o produto constituirán a proba de certificación.

Subsección 3.ª Excepcións

Artigo 19. *Condicións específicas.*

1. No caso de lúpulo colleitado en terras pertencentes a unha fábrica de cervexa, salvo cando o lúpulo se transforme ou utilice no seu estado natural na propia fábrica de cervexa, a autoridade de certificación competente emitirá un documento, cando o lúpulo entre no establecemento onde se vai proceder á transformación, por instancia da fábrica de cervexa, no que se recollerán as seguintes indicacións a medida que se desenvolvan as operacións de transformación:

- a) a referencia do contrato;

- b) unha descrición do produto transformado;
- c) o peso do produto transformado.

A este documento asignaráselle un número de referencia, que tamén deberá figurar na embalaxe.

En caso de mesturas de lúpulo, deberá figurar no documento e na embalaxe a seguinte indicación adicional:

«Mestura de lúpulo para uso propio; prohibida a súa comercialización».

2. No caso de produtos derivados do lúpulo transformados mediante contrato por conta dunha fábrica de cervexa e sempre que sexan utilizados pola propia fábrica, a autoridade de certificación competente emitirá un documento, por instancia da dita fábrica, cando o lúpulo entre no establecemento onde se vai proceder á súa transformación. No dito documento recolleranse as seguintes indicacións a medida que se desenvolvan as operacións de transformación:

- a) a referencia do contrato;
- b) a fábrica de cervexa destinataria;
- c) o establecemento de transformación;
- d) unha descrición do produto transformado;
- e) o número de referencia do certificado ou a declaración de equivalencia do lúpulo orixinal;
- f) o peso do produto transformado.

Ao documento asignaráselle un número de referencia, que tamén deberá figurar na embalaxe.

En caso de mesturas de lúpulo, deberá figurar no documento e na embalaxe a seguinte indicación adicional:

«Mestura de lúpulo para uso propio; prohibida a súa comercialización».

3. No caso de lúpulo e produtos derivados do lúpulo envasado en pequenos paquetes e destinados á venda de particulares para uso privado, o peso da embalaxe non poderá exceder:

- a) 1 kg no caso dos conos ou o po;
- b) 300 g no caso do extracto, o po e os novos produtos isomerizados.

Na embalaxe deberán figurar unha descrición do produto e o seu peso.

Subsección 4.^a Órganos de certificación

Artigo 20. *Autoridade de certificación competente.*

1. As comunidades autónomas nomearán unha autoridade de certificación competente que velará pola instauración dos controis e manuais de procedementos necesarios, co fin de garantir unha calidade mínima de lúpulo e de produtos de lúpulo, así como a súa rastrexabilidade.

2. A autoridade de certificación competente ou os seus representantes levarán a cabo a certificación. Dispoñerán dos recursos adecuados para cumprir as súas tarefas.

3. A autoridade de certificación competente será responsable de garantir o cumprimento das disposicións do Regulamento (CE) n.º 1850/2006 da Comisión, do 14 de decembro de 2006. A pertinencia ou frecuencia do control de cumprimento establecerase sobre a base dunha análise do risco, cunha frecuencia mínima dunha vez ao mes. A eficacia dos parámetros de análise do risco utilizados en anos anteriores avaliarase sobre unha base anual.

Artigo 21. *Autorización de centros de certificación.*

1. A autoridade de certificación competente designada pola comunidade autónoma aprobará os centros de certificación cunha personalidade xurídica ou capacidade xurídica suficiente para estaren suxeitos, en virtude da normativa nacional, a dereitos e obrigas, e garantirá que dispoñen das instalacións adecuadas para levar a cabo as tarefas de mostraxe, analíticas, estatísticas e de rexistro necesarias.

Sobre a base dunha análise do risco, pero, cando menos, dúas veces por ano natural, a autoridade de certificación competente realizará controis sobre o terreo aleatorios dos centros de certificación para verificar que se axustan ao disposto no parágrafo anterior. A eficacia dos parámetros de análise do risco utilizados en anos anteriores avaliarase sobre unha base anual.

2. Se se comprobar que na preparación de produtos do lúpulo se utilizaron compoñentes non autorizados, ou que os compoñentes utilizados non se axustan ás indicacións que figuran no certificado, e se esta circunstancia é imputable a unha acción deliberada ou a unha falta grave por parte do centro de certificación correspondente, a autoridade de certificación competente retirará a autorización ao dito centro de certificación.

A autorización non poderá concederse de novo ata pasado un período mínimo de doce meses despois da data da súa retirada. A petición do centro de certificación cuxa autorización foi retirada, a autorización poderá concederse de novo unha vez pasados dous anos ou, nos casos graves, tres anos despois da data de retirada.

Sección 2.ª Organizacións de produtores de lúpulo e as súas asociacións

Artigo 22. *Finalidades e requisitos.*

1. Serán recoñecidas como organizacións de produtores do sector do lúpulo, conforme o artigo 159 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, todas aquelas entidades con personalidade xurídica propia, ou unha parte claramente definida dunha entidade xurídica, que o soliciten por iniciativa dos seus membros e reúnan os requisitos establecidos no artigo 152 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e no artigo 1 do Regulamento (CE) n.º 1299/2007 da Comisión, do 6 de novembro.

2. As organizacións deberán constar de, cando menos, 60 hectáreas de superficie e sete persoas produtoras, sen prexuízo do recoñecemento conforme o artigo 174 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 de organizacións de produtores cuxas superficies rexistradas comprendan menos de 60 hectáreas, sempre que se localicen nunha rexión de produción recoñecida que cubra menos de 100 hectáreas.

Artigo 23. *Recoñecemento das organizacións de produtores.*

1. O recoñecemento das organizacións de produtores corresponderá á autoridade competente da comunidade autónoma en cuxo territorio se localice a sede estatutaria da organización de produtores.

2. As solicitudes de recoñecemento serán presentadas electronicamente polos medios que designen as comunidades autónomas e, en todo caso, poderán presentarse en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. A solicitude de recoñecemento irá acompañada de, cando menos, a seguinte documentación:

- a) Documentación acreditativa da personalidade xurídica da entidade.
- b) Estatutos da organización e da acta da asemblea, consello reitor ou de administración, ou outro órgano competente da entidade solicitante, acreditativa da adopción do acordo na que se decide solicitar o recoñecemento como organización ou asociación de organizacións de produtores.

c) Acreditación da persoa representante legal da organización ou asociación de organizacións.

d) Indicación das actividades que xustifiquen a solicitude de recoñecemento.

e) A proba de que respectan os requisitos establecidos no artigo 22.2 deste real decreto.

f) Relación dos NIF dos titulares das explotacións, con indicación da localización destas. No caso de que se trate dunha asociación, a dita relación virá diferenciada por cada unha das organizacións de produtores integrantes.

4. O órgano competente:

a) Ditará resolución motivada, na que concede ou denega o recoñecemento, no prazo máximo de tres meses a partir da entrada da solicitude no rexistro da Administración ou organismo competente para a súa tramitación. Se no dito prazo non ditou nin notificou resolución expresa, os interesados poderán entender estimada a súa solicitude, salvo que a normativa da comunidade autónoma de que se trate dispoña o sentido desestimatorio do silencio administrativo.

b) Realizará, de acordo cun plan de control anual, controis para comprobar o cumprimento por parte das organizacións de produtores das disposicións do presente real decreto, sen prexuízo da solicitude de cooperación interadministrativa con outras administracións cando iso for necesario.

c) Informará o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a través da Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios, de toda decisión relativa á concesión, denegación ou retirada do recoñecemento a unha organización, no prazo máximo dun mes desde a terminación do acto administrativo correspondente. A información que se remitirá será a establecida no artigo 26.1.

5. As organizacións de produtores recoñecidas deberán notificar ao órgano competente calquera modificación que teña lugar nelas e que afecte as condicións en que foi recoñecida.

Artigo 24. Retirada do recoñecemento.

1. O órgano competente que ditase a resolución de recoñecemento dunha organización de produtores declarará extinguido o dito recoñecemento nos seguintes casos:

a) Cando a propia entidade así o solicite, sen prexuízo do cumprimento das obrigas e compromisos derivados da súa condición de organización de produtores e das responsabilidades que poderían derivar como consecuencia das actuacións levadas a cabo durante o período en que a entidade tivo o recoñecemento.

b) Cando deixen de cumprirse os requisitos para o recoñecemento.

2. Non obstante, en caso de incumprimento dos requisitos establecidos no artigo 22.2, a organización disporá dun período dun ano para emendar o dito incumprimento, transcorrido o cal a retirada do recoñecemento se fará efectiva, se persiste o incumprimento.

Sección 3.^a Comunicacions

Artigo 25. Declaración de fábricas de cervexa e persoas produtoras de lúpulo.

1. No caso de lúpulo colleitado en terras pertencentes nunha fábrica de cervexa e utilizado por esta en estado natural ou transformado, con respecto a cada colleita, o fabricante de cervexa fará chegar á autoridade de certificación competente, como moi tarde o 15 de novembro de cada ano, unha declaración das variedades cultivadas, das

cantidades colleitadas, das áreas de produción e das superficies plantadas, xunto coas referencias SIXC ou catastrais ou unha referencia oficial equivalente.

2. Como moi tarde o 30 de marzo do ano seguinte ao da colleita, as persoas produtoras e as agrupacións de produtores de lúpulo as organizacións remitirán ao órgano competente da comunidade autónoma a información establecida no artigo 6 parágrafo 2, do Regulamento de execución (UE) n.º 2017/1185 da Comisión, do 20 de abril de 2017.

Artigo 26. *Comunicacións das comunidades autónomas.*

1. As comunidades autónomas comunicarán ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, nun prazo dun mes, a decisión relativa á concesión, denegación ou retirada do recoñecemento dunha organización de produtores, indicando os motivos do rexeitamento da solicitude ou a retirada do recoñecemento e, como moi tarde o 15 de xaneiro de cada ano, a lista de organizacións de produtores de lúpulo recoñecidas para o ano en curso xunto co nome da agrupación, o domicilio legal, a data de recoñecemento, o número de membros e a superficie de lúpulo cultivada polos membros da organización no ano anterior.

2. Respecto da colleita anterior, as comunidades autónomas recollerán e comunicarán ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, como moi tarde o 15 de abril do ano seguinte ao da colleita, a información establecida no artigo 6 parágrafo 2 do Regulamento de execución (UE) n.º 2017/1185 da Comisión, do 20 de abril de 2017.

3. As comunidades autónomas comunicarán ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, como moi tarde o 15 de xuño de cada ano, a información establecida no artigo 23 primeiro parágrafo do Regulamento (CE) n.º 1850/2006 da Comisión, do 14 de decembro de 2006.

CAPÍTULO III

Liñas de axudas

Sección 1.ª Axudas para o establecemento de novas plantacións de lúpulo e a reconversión e mellora das plantacións existentes

Artigo 27. *Actividades susceptibles de subvención.*

Poderán ser obxecto de subvención os investimentos necesarios para a instalación e/ou a mellora de novas plantacións de lúpulo que comprendan unha ou varias das seguintes actividades:

a) A adquisición do material vexetal e/ou os investimentos realizados polas persoas produtoras dirixidas á reconversión varietal das superficies plantadas de lúpulo con vistas a mellorar a calidade do lúpulo, a súa adaptación ao cambio climático e a súa rendibilidade.

b) A compra e instalación das estruturas de soporte e guía do cultivo; incluírase a substitución de postes en superficies reconvertidas con variedades que, debido ao seu porte e peso durante o período vexetativo e desenvolvemento, aconsellan estruturas máis robustas que a existente.

c) A implantación de sistemas de rega máis eficientes como a rega por goteo ou regas ambientalmente máis sustentables (como a rega solar).

Artigo 28. *Persoas beneficiarias.*

1. Poderán ser persoas beneficiarias desta liña de axudas con carácter xeral, as persoas físicas ou xurídicas, ou agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, incluídos entes sen personalidade xurídica, titulares dunha explotación agraria inscrita no Rexistro Xeral de Producción Agrícola (REXEPA), regulado no artigo 5 do Real decreto 9/2015, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as condicións de aplicación da normativa comunitaria en materia de hixiene na produción primaria agrícola, con experiencia no ámbito da

actividade agraria ou que contén co nivel de capacitación profesional suficiente requirido pola autoridade competente e que presenten unha memoria valorada na que se describa a viabilidade do investimento ou da actuación.

Así mesmo, deberán presentar un plan de mellora en caso de reconversión varietal no que se recollan os requisitos establecidos polas comunidades autónomas nas súas correspondentes convocatorias de axudas. O plan de mellora deberá considerar aspectos ambientais.

2. Non poderán obter a condición de persoas beneficiarias aquelas persoas solicitantes en que concorra algunha das circunstancias previstas nos puntos 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

3. As persoas beneficiarias deberán, así mesmo:

a) Ter a condición de peme conforme o anexo I do Regulamento (CE) n.º 702/2014, da Comisión do 25 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda nos sectores agrícola e forestal e en zonas rurais compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.

b) Non ter a consideración de empresa en crise conforme a definición establecida no artigo 2 do Regulamento (CE) n.º 702/2014.

Artigo 29. *Obrigas das persoas beneficiarias.*

Ademais das obrigas indicadas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, as persoas beneficiarias destas subvencións terán as seguintes obrigas:

a) A adquisición e plantación do material vexetal realizarase coas variedades recomendadas pola autoridade competente en cuxo territorio radique a plantación, no prazo establecido na correspondente convocatoria de axudas. En todo caso, as variedades utilizadas terán que adaptarse ás necesidades de comercialización e ás condicións edafoclimáticas da zona en que se establecerá a nova plantación e ter en conta criterios de adaptación aos escenarios futuros de cambio climático. No caso de reconversión varietal, realizar a plantación cunha variedade distinta da plantación substituída, de maneira que se consiga unha mellora da calidade da produción e a adaptación ao cambio climático. A dita mellora, cuxa avaliación realizará a autoridade competente, deberá constatarase nalgunha mellora das características agronómicas ou comerciais ou ambientais (adaptación ao cambio climático, entre outras).

b) Cumprir o plan de mellora en caso de reconversión varietal no que se recollan os requisitos establecidos polas comunidades autónomas nas súas correspondentes convocatorias de axudas. O plan de mellora deberá recoller aspectos ambientais.

c) Manter as novas plantacións obxecto de axuda, en produción e cultivadas de maneira sustentable (con especial énfase no aspecto ambiental) e en condicións de obter un rendemento óptimo de cultivo, de acordo coas condicións agroclimáticas da zona onde se encontren situadas, durante un período mínimo de 5 colleitas desde a concesión da subvención.

Artigo 30. *Requisitos das novas plantacións.*

As novas plantacións que se pretendan executar deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) A superficie mínima por explotación, exixible ás novas plantacións para poder percibir a axuda, será de 0,5 hectáreas, salvo que a persoa beneficiaria xa sexa titular dunha explotación dedicada ao cultivo do lúpulo, caso en que a «superficie plantada» mínima exixible será de, cando menos, 0,2 hectáreas sempre e cando a superficie resultante da explotación sexa de, cando menos, 0,5 hectáreas. Estas superficies poderán ser ampliadas pola autoridade competente en función da estrutura da propiedade e das condicións edafoclimáticas da zona na que se estableza a nova plantación. Non obstante,

no caso de plantacións obxecto de reconversión ou mellora, poderase actuar sobre superficies inferiores sempre que afecten a totalidade do recinto SIXPAC.

b) As testeiras das novas plantacións, así como a distancia entre liñas, deberán ter unha largura mínima que permita a adecuada mecanización dos labores de cultivo.

c) A densidade de plantación estará comprendida entre 1.600 e 3.000 plantas por hectárea en función da variedade. A densidade de plantación non poderá ser modificada salvo por razóns debidamente xustificadas e deberá ser autorizada pola autoridade competente.

d) A plantación deberá ser realizada con material vexetal e xustificarse a súa orixe co correspondente albará, pasaporte fitosanitario e factura de compra a unha persoa viveirista rexistrada oficialmente ou co título de persoa produtora seleccionadora ou multiplicadora de lúpulo.

e) As plantacións obxecto de reconversión non presentarán estado de abandono.

f) Non deberán ter recibido nos últimos 5 anos ningunha subvención polo mesmo concepto e para a mesma parcela.

Serán subvencionables aquelas actuacións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2019 ata o 31 de decembro de 2021.

Artigo 31. *Límite e contía das axudas.*

1. A superficie subvencionable por persoa beneficiaria e ano estará comprendida entre os límites mínimo e máximo de 0,2 e 25 hectáreas, ambos inclusive.

2. A contía da axuda será do corenta por cento do investimento subvencionable, tendo en conta que o total do dito investimento subvencionable non poderá exceder os seguintes importes:

a) Custos de adquisición de material vexetal: 2.200 € por hectárea para rizomas e 4.000 € por hectárea para chantóns.

b) Custos de adquisición ou substitución e instalación das estruturas permanentes de soporte e guía do cultivo: 20.000 € por hectárea con postes novos e 12.000 € con postes reutilizados.

c) Custos de implantación de sistemas de rega por goteo: 4.000 € por hectárea.

3. A porcentaxe do investimento subvencionable poderá incrementarse en dez puntos porcentuais, no caso de que o titular da explotación reúna os requisitos para ser cualificado como agricultor mozo, conforme o define o artigo 9 do Regulamento 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e estea nos primeiros cinco anos de actividade.

4. A contía máxima total da axuda para novas plantacións será de 11.500 € por hectárea e para a mellora das plantacións xa existentes de 6.500 € por hectárea.

A axuda concederase ata un total máximo de 350 hectáreas no caso de novas plantacións e no caso de plantacións existentes ata 450 para o conxunto do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2019 e o 31 de decembro de 2021.

5. En todo caso, o importe máximo da axuda non superará o límite establecido no artigo 3 do Regulamento (UE) n.º 1408/2013.

Sección 2.ª Axudas para a adquisición de maquinaria específica

Artigo 32. *Finalidade.*

A presente liña de axudas terá por finalidade a concesión de subvencións destinadas a fomentaren a mecanización do cultivo.

Artigo 33. *Investimentos susceptibles de subvención.*

Poderá ser obxecto de subvención a adquisición da titularidade de maquinaria agrícola e equipamentos específicos para o coidado, tratamento, colleita, peladura, secado e

prensadura do lúpulo, así como grupos de presión necesarios para a posta en práctica dunha rega sustentable como a rega por goteo, rega solar, etc., e máquinas ou instrumentos de modernización e mellora dos sistemas de secado da flor de lúpulo xa existentes e a súa instalación.

Artigo 34. *Persoas beneficiarias.*

1. Poderán ser persoas beneficiarias desta liña de axudas, con carácter xeral:

- a) As sociedades cooperativas e as súas agrupacións ou unións.
- b) As sociedades agrarias de transformación (SAT).
- c) As asociacións de produción integrada en agricultura (APRIAS).
- d) Outras agrupacións agrarias sen personalidade xurídica propia baseadas nun pacto contractual, recoñecido pola autoridade competente e suscrito por un mínimo de sete persoas físicas titulares de explotacións agrarias, aínda que excepcionalmente e en casos concretos, debidamente xustificadas polas características do equipo que se vaia subvencionar, poderán reducirse os compoñentes destas agrupacións.
- e) As agrupacións de produtores ou agricultores individuais que teñan unha superficie cultivada de lúpulo que faga viable a adquisición segundo o criterio da autoridade competente.
- f) As persoas físicas ou xurídicas con experiencia no ámbito da actividade agraria ou que contén co nivel de capacitación profesional suficiente requirido pola autoridade competente e que presenten un proxecto viable desde o punto de vista técnico e económico.

2. Poderanse presentar solicitudes conxuntas entre varias persoas beneficiarias para a adquisición de maquinaria agrícola e equipamentos específicos, grupos de presión e máquinas ou instrumentos de modernización e mellora dos sistemas de secado da flor de lúpulo xa existentes e a súa instalación sempre e cando non se supere o máximo por persoa beneficiaria establecido no artigo 38.

3. Non poderán obter a condición de persoas beneficiarias aquelas persoas solicitantes en que conorra algunha das circunstancias previstas nos puntos 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

4. As persoas beneficiarias deberán, así mesmo:

- a) Ter a condición de peme, conforme o anexo I do Regulamento (CE) n.º 702/2014 da Comisión, do 25 de xuño de 2014.
- b) Non ter a consideración de empresa en crise, conforme a definición establecida no artigo 2 do Regulamento (CE) n.º 702/2014.
- c) Acreditar a titularidade ou disposición, por un período non menos de cinco anos, dunha superficie cultivada de lúpulo que faga viable a adquisición de maquinaria agrícola e equipamentos específicos subvencionados, ante a autoridade competente.
- d) Estar inscrita a explotación de lúpulo no Rexistro Xeral de Producción Agrícola (REGIPA), regulado no artigo 5 do Real decreto 9/2015, do 16 de xaneiro, e, no caso de cooperativas, sociedades agrarias de transformación (SAT), ou outras agrupacións agrarias cuxos socios ou membros sexan titulares de, cando menos, en conxunto, tres das ditas explotacións.

Artigo 35. *Obrigas das persoas beneficiarias.*

Ademais das obrigas indicadas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, as persoas beneficiarias destas subvencións terán as seguintes obrigas:

- a) Manter as máquinas e equipamentos subvencionados en uso e propiedade da persoa beneficiaria por un período mínimo de cinco anos. Non poderán solicitarse no dito período axudas para a adquisición de maquinaria de similares funcións á xa subvencionada.

b) Inscribir as máquinas e equipamentos subvencionados, cando proceda, no Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola. A inscrición realizarase cunha anotación á marxe, así como na cartilla de inscrición; precisarase que debe permanecer no patrimonio da persoa beneficiaria durante cinco anos a partir da data de inscrición.

c) Contrato de comercialización de lúpulo en vigor.

d) As persoas físicas ou xurídicas que se dediquen á realización de traballos agrícolas a terceiros e soliciten a subvención deberán comprometerse, cando menos, durante os 5 primeiros anos, a dedicar, como mínimo, un setenta e cinco por cento das súas horas anuais de funcionamento en explotacións alleas aos titulares da sociedade.

Artigo 36. *Requisitos.*

As máquinas e equipamentos agrarios subvencionados deberán ser novos e de primeira inscrición.

Os equipamentos de aplicación de produtos fitosanitarios deberán posibilitar unha correcta distribución mediante informe dunha estación de ensaios específica para este tipo de máquinas.

Os equipamentos de secado ou a mellora de equipamentos de secado xa existentes obxecto de subvención deberán ter un sistema de secado indirecto que evite o contacto e a mestura do aire de secado cos residuos ou escapes da combustión.

Artigo 37. *Investimentos excluídos.*

Non se concederá axuda en virtude do presente real decreto para os investimentos seguintes:

a) Os investimentos de simple substitución, reposición e de mantemento de maquinaria e equipamentos. Considerarase un investimento de reposición o que supoña a substitución dunha maquinaria ou equipamento existente por outro e non xustifique claramente unha mellora ou innovación tecnolóxica ou se realice nun prazo inferior aos dez anos de adquisición da maquinaria e equipamento que se vaia substituír.

b) Os investimentos en compra de maquinaria e equipamentos usados.

c) A adquisición de tractores.

Artigo 38. *Contía das axudas.*

1. A contía máxima da axuda será do corenta por cento do investimento subvencionable seguinte, tendo en conta que o dito investimento subvencionable non poderá exceder os seguintes importes:

a) Custos de adquisición de podadoras: 12.000 €.

b) Custos de adquisición de equipamentos de pulverización específicos para o lúpulo: 18.000 €.

c) Custos de adquisición de equipamentos para o rareo de plantas: 3.000 €.

d) Custos de adquisición de cortador: 18.000 €.

e) Custo de adquisición de remolque cargador: 15.000 €.

f) Custo de adquisición de seleccionadoras: 350.000 €.

g) Custos de adquisición de equipamentos de secado: 250.000 €.

h) Custos de adquisición para a mellora de equipamentos de secado existentes: 7.000 €.

i) Custos de adquisición de prensas de pacas: 13.000 €.

j) Custos de adquisición de grupos de presión para a rega: 4.000 €.

2. A porcentaxe do investimento subvencionable poderá incrementarse en dez puntos porcentuais no caso de que o titular da explotación reúna os requisitos para ser cualificado como agricultor mozo, conforme o define o artigo 9 do Regulamento (CE) n.º 1307/2013

do Parlamento Europeo e o Consello, do 17 de decembro de 2013, e estea nos seus primeiros anos de actividade.

3. As axudas a que se refire a presente sección concederanse ás adquisicións de maquinaria agrícola e equipamentos específicos que se realicen desde o 1 de xaneiro de 2019 ata o 31 de decembro de 2021, ou ata o esgotamento dos recursos orzamentarios en caso de que este se producise con anterioridade á data prevista para a fin da liña de axudas.

4. O investimento máximo total subvencionable para a compra de maquinaria e equipamentos agrícolas non superará 215.000 €.

5. En todo caso, o importe máximo da axuda non superará o límite establecido no artigo 3 do Regulamento (UE) n.º 1408/2013.

Sección 3.ª Xestión das subvencións

Artigo 39. Solicitudes, tramitación, resolución e pagamento.

1. Corresponde ás comunidades autónomas a convocatoria das axudas.

O extracto da convocatoria será publicado no boletín ou diario oficial da comunidade autónoma correspondente.

2. A recepción de solicitudes, a súa tramitación e resolución, así como o control e pagamento das axudas, corresponderán á autoridade competente da comunidade autónoma. As solicitudes presentaranse na forma que determine a comunidade autónoma.

As solicitudes dirixiranse ao órgano competente da comunidade autónoma, no prazo que para o efecto se estableza en cada convocatoria, que será como máximo de tres meses desde a publicación do presente real decreto no ano 2019 e antes do 1 de abril para os anos 2020 e 2021.

3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución non poderá exceder os seis meses, contados a partir da publicación da orde de convocatoria das axudas, pola autoridade competente.

4. Nas resolucións de concesión das axudas farase constar expresamente a contía que foi financiada con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

5. O disposto neste artigo enténdese sen prexuízo das comunicacións á Base de datos nacional de subvencións, a que se refire a sección 6.ª do capítulo III do título preliminar do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado mediante o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Artigo 40. Distribución territorial das subvencións.

1. O financiamento polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación será efectuado con cargo ao crédito dispoñible na aplicación orzamentaria que se determine nos orzamentos xerais do Estado para cada ano, cun máximo de 350.000 € anuais, e a concesión das axudas, na parte financiada polo dito ministerio, estará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da concesión.

2. As comunidades autónomas comunicarán á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, como moi tarde o 15 de febreiro de cada ano, as súas previsións en canto a solicitudes que vaian recibir, para poder acometer a repartición de fondos en conferencia sectorial.

3. Unha vez realizadas as comprobacións oportunas de cada unha das solicitudes recibidas e aceptadas, as comunidades autónomas remitirán á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a seguinte información:

a) A relación de solicitudes presentadas, con indicación da superficie e importe e o total das superficies para as que se solicita a subvención, así como os equipamentos subvencionados.

b) A achega financeira que, se é o caso, ten previsto realizar a comunidade autónoma en cuxo territorio radique a plantación.

4. A Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural fixará para cada exercicio os criterios obxectivos e a distribución territorial das axudas de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias.

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación transferirá ás comunidades autónomas, salvo á Comunidade Autónoma do País Vasco e á Comunidade Foral de Navarra, polo seu especial réxime de financiamento, as cantidades que correspondan para atender ao pagamento das subvencións reguladas por este real decreto.

Artigo 41. *Procedemento de concesión.*

1. O procedemento de concesión destas axudas desenvolverase en réxime de concorrencia competitiva, de acordo co establecido no artigo 22 da Lei 38/2003, do 13 de novembro, mediante a comparación das solicitudes presentadas.

2. De acordo con iso, as solicitudes ordenaranse conforme os seguintes criterios obxectivos e baremos:

- a) Figuras asociativas ou pertencer a unha agrupación de produtores de lúpulo: tres puntos.
- b) Agricultores mozos: tres puntos.
- c) Titulares de explotacións prioritarias: dous puntos.
- d) Eficiencia da rega: dous puntos.
- e) Acreditación dun sistema de control de materia orgánica do solo: dous puntos.
- f) Utilización de enerxías renovables: dous puntos.
- g) Aspectos ambientais (pegada de carbono, adaptación ao cambio climático, maior biodiversidade, etc.): dous puntos.
- h) Explotación cualificada como ecolóxica: un punto.
- i) Explotación situada en Rede Natura 2000: un punto.
- j) Explotación en titularidade compartida conforme a Lei 35/2011, do 4 de outubro, sobre titularidade compartida das explotacións agrarias: un punto.

Así mesmo, cada comunidade autónoma disporá de dous puntos para valorar outros criterios obxectivos complementarios nas solicitudes.

3. En todo caso, as solicitudes puntuaranse segundo a liña de axudas e a actividade da que se trate; a puntuación máxima total será de vinte e un puntos e a mínima de cinco.

4. En caso de que as solicitudes admisibles superen os fondos orzamentarios, a comunidade autónoma poderá decidir o rateo do importe das axudas entre todos os beneficiarios, de acordo co artigo 22.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

Artigo 42. *Compatibilidade e límites das axudas.*

En caso de que unha persoa produtora de lúpulo recibise por calquera concepto outras axudas de *minimis* de acordo co Regulamento (UE) n.º 1408/2013, da Comisión, do 18 de decembro de 2013, que, sumadas á contía que podería corresponderlle en virtude do presente real decreto, exceda o importe establecido no artigo 3 do Regulamento (UE) n.º 1408/2013 en calquera período dentro deste exercicio fiscal e nos dous anteriores, o importe da axuda prevista neste real decreto reducirase de maneira proporcional ata non exceder o citado límite.

Artigo 43. *Xustificación do cumprimento.*

A xustificación das axudas realizarase, segundo o disposto no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e na sección segunda do capítulo II do título II do seu Regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, mediante a achega da documentación correspondente no prazo que establezan as autoridades competentes.

Artigo 44. *Modificación da resolución.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. Así mesmo, a obtención concorrente de subvencións outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, cando o importe total das axudas percibidas por cada beneficiario supere os máximos previstos neste real decreto ou na normativa europea aplicable, dará lugar á redución proporcional que corresponda no importe das subvencións reguladas neste real decreto, ata respectar o dito límite.

Artigo 45. *Incumprimento e reintegro das subvencións.*

O incumprimento dos requisitos exixidos para a concesión da subvención, con independencia doutras responsabilidades en que poida ter incorrido a persoa beneficiaria, dará lugar á perda do dereito á subvención concedida, coa obriga de reintegrar as cantidades, se é o caso, percibidas e a exixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro.

En caso de incumprimentos parciais relativos á actividade subvencionable, procederíase á redución proporcional das subvencións concedidas ou aboadas.

Así mesmo, procederá o reintegro das cantidades percibidas, así como a esixencia do xuro de demora desde o momento do pagamento da subvención, nos demais supostos previstos no artigo 37.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

Non procederá o reintegro da subvención no suposto de que a persoa beneficiaria transmita os bens subvencionados a un terceiro, sempre que sexa autorizado pola Administración concedente, cumpra os requisitos de permanencia mínimos fixados neste real decreto e o adquirente se subroque nos compromisos deste durante o período restante de cumprimento.

Artigo 46. *Informes anuais.*

1. Os órganos competentes das comunidades autónomas remitirán anualmente á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios, do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, unha memoria de execución das medidas, axustada aos obxectivos destas, relativa a cada exercicio económico, como moi tarde o 31 de marzo do ano seguinte.

Na dita memoria deberanse incluír os datos a que se refire o artigo 86.2.sexta da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria e, ademais:

- a) A superficie anual executada, por persoa beneficiaria, de cada unha das accións subvencionables.
- b) As variedades utilizadas nas novas plantacións e nos plans de reconversión.
- c) A maquinaria agrícola e equipamentos específicos subvencionados.

2. A Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios poderá solicitar dos órganos competentes da comunidade autónoma a información necesaria que permita coñecer a situación do desenvolvemento do programa. Para estes efectos, estableceranse os mecanismos apropiados de coordinación.

Artigo 47. *Seguimento e control das axudas.*

A autoridade competente realizará actuacións de seguimento e control das axudas concedidas ao abeiro deste real decreto, sen prexuízo das que corresponda realizar pola aplicación da normativa xeral vixente en materia de subvencións.

Artigo 48. *Réxime xurídico.*

En todo o non previsto neste real decreto, será de aplicación o disposto pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no seu regulamento, aprobado mediante o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, e no Regulamento (UE) n.º 1408/2013, da Comisión, do 18 de decembro de 2013.

Disposición transitoria única. *Prazo para 2019.*

No exercicio 2019, o prazo previsto no artigo 40.2 será o 1 de agosto de 2019.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 714/2010, do 28 de maio, polo que se establecen as bases reguladoras das subvencións estatais destinadas ao sector do lúpulo.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.^a da Constitución, que atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de modificación.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para fixar anualmente, en caso necesario, o importe máximo subvencionable por explotación, dentro do marco previsto na normativa da Unión Europea en materia de axudas de *minimis* no sector agrario, e para modificar o prazo máximo de presentación das solicitudes.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 22 de abril de 2019.

FELIPE R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,
LUIS PLANAS PUCHADES